



## Guion técnico exemplo

### FICHA TÉCNICA

**Emisora ou grupo responsable:** alumnado de 6º EP do colexio Josefina de la Torre

**Crónica:** "Carrusel de novidades"

**Duración:** 20 minutos

#### Secuencia de realización

Control/realización	Sintonía	8"
Locutor/a	Ola amigos e amigas do Josefina da Torre. Hoxe traemos un programa cargadiño de novidades. Comezamos falando sobre a recente saída á natureza que realizaron alumnos e alumnas do centro. Raquel Villa, como foi?	13"
Control/realización	Son indicador de conexión solapa a presentación	4"
Colaborador/a	Así é, Marta, o alumnado fixo parte da ruta da Prata para coñecer e repasar os distintos tipos de solos. Revisaron a súa orixe en clase antes de saír para que a excursión non os pillase en fóra de xogo.	12"
Control/realización	Son indicador de conexión solapa a presentación	4"
Locutor/a	Conectamos agora con Raúl Reverón, que se atopa no salón de actos para falarnos dos preparativos da obra de fin de curso. Que tal, Raúl?	10"
Colaborador/a	Xa vai quedando menos para o día del estreno, Marta, e aquí todo o mundo mantén a raya os nervios. Á espera de ver en acción a Dona Perfecta, podemos dicir que de momento todo no ensaio está saíndo á perfección.	11"

## ¿CÓMO USAR O ESTILO RADIOFÓNICO DEPORTIVO

O estilo propio ao narrar contidos deportivos pode aplicarse tamén a outros acontecementos para transmitir con **pasión e dinamismo** o que se está vendo o vivindo en primeira persoa, incluso no centro escolar. Aquí van uns consellos:

- A transmisión debe ser o máis fiel posible á realidade, para "transportar" á audiencia ao lugar desde o que se narra. Por iso utilízase unha **linguaxe descritiva**.
- Débese buscar a **orixinalidade** a través do estilo do locutor ou a locutora, unha narración que o distinga.
- A utilización do **humor** pode manter o interese da audiencia e entreter.
- Hai que coidar o argot ou **vocabulario** específico do tema ou deporte en cuestión.
- A locución deportiva debe alternar tons graves con outros agudos, alongando a duración das sílabas nalgúns momentos, facendo énfase sobre certas palabras, etc. Todo depende do cariz dos acontecementos que se estean narrando e da emoción que se queira transmitir (alegría ou decepción, xogada perigosa, relaxación no terreo de xogo, etc.).
- A **improvisación** debe fundamentarse en feitos, para o que é moi útil o manexo de estatísticas e datos. Non se trata de opinar sen máis, polo tanto é importante documentarse e prepararse.



## O programa deportivo



### Que é?

O programa deportivo é o espazo radiofónico cuxa temática principal é a **información deportiva**. O formato puramente informativo, o magacín e o carrusel son os tipos de programas deportivos máis habituais.

A pasión que transmite a radio deportiva trascende o deporte, de aí que un formato moi estendido nos contidos deportivos sexa o debate, onde comentaristas expertos e expertas opinan e intentan convencer á audiencia.

As conexións en directo, as opinións, o humor e o desenfado á hora de comunicar configuran un estilo radiofónico moi dinámico e específico do xénero deportivo.

Os contidos deportivos son o rei dos fins de semana e as madrugadas.



## Obxectivo

Os obxectivos dun programa deportivo son **informar ou entreter**, ou unha mestura dos dous, en función do tipo de programa. En numerosas ocasións, sobre todo en tertulias, déixase a un lado a neutralidade periodística para convencer e atraer oíntes a un equipo ou “bando” ou destacar o traballo dalgún ou algunha deportista.



## Elementos chave

A locución nas retransmisións deportivas éo todo para transmitir o que sucede con paixón á audiencia. Por iso, son claves na narración deportiva o **ritmo** e a **melodía**. Isto vése de maneira moi crara na retransmisión dun partido de fútbol. Quen locuta “canta” o que sucede para transmitir o ritmo do encontro ou competición.

O obxectivo das retransmisións e das conexións é facer que a audiencia “vexa” o que está ocorrendo e para iso é necesario usar unha **linguaxe descritiva**.



## TIPOS DE PROGRAMAS DEPORTIVOS

Na radio española distínguense principalmente catro formas de transmisión dos contidos deportivos:

- **Informativo.** Trátanse de noticias, reportaxes, entrevistas, crónicas... de carácter deportivo. Ocupan un espazo relevante nos boletíns informativos diarios.
- **Magacín deportivo.** Comparte as características do magacín informativo. Entrevistas a deportistas ou altos cargos de entidades deportivas, análise con especialistas, últimas noticias... ocupan o horario nocturno e de madrugada da radio. O debate ou tertulia está presente habitualmente.
- **Carrusel.** A súa maior peculiaridade é o modo de estruturar a emisión: unha roda de conexións periódicas que van dando conta da actualidade deportiva en directo. É a estrela da programación radiofónica os fins de semana, especialmente no caso do fútbol. As emisoras envían equipos especiais aos eventos ou competicións deportivas.
- **Retransmisión.** Trátase de retransmitir puntualmente un evento deportivo completo. Acompáñase habitualmente de comentarios por parte de persoas especialistas.

Cabe sinalar a diferenza entre conexión e retransmisión: a **conexión** é breve e utilízase para obter informacións desde o lugar dos feitos ou evento. Poden formar parte dunha **retransmisión**. Esta, por contra, ofrece a narración simultánea dun acontecemento, como sucede nos carruseles, e ten unha duración longa.



## Como?

- **Guion aberto ou flexible.** Dependendo do tipo de programa deportivo, os contidos e os tempos estarán abertos ou en continuo cambio, polo que tanto o conductor ou a condutora do programa como o equipo que o acompaña deben ter gran capacidade de improvisación e adaptación.
- **Especialización.** O xénero deportivo conleva o manexo dun estilo e unhas claves propias dentro da comunicación radiofónica. Débese prestar atención a peculiaridades coma o ton desenfadado da locución ou a constante variación na modulación da voz, pero tamén á especificidade das fontes ou ao argot (vocabulario).
- **A condución do programa e o perfil de comentarista.** O presentador ou presentadora do programa está habitualmente acompañado por comentaristas, especialistas no deporte en cuestión. Tamén a figura do opinador ou opinadora gañou peso.
- **A importancia da realización.** Especialmente cando se trata de retransmisións nas que o contido non ten unha escaleta fechada, a destreza do persoal técnico é fundamental para a calidade do resultado.

